

Queridos nenos e nenas de 5ºB  
da Ramallosa (Teo):

Antes de nada, quero vos dar as  
gracias por ler os meus libros (os  
autores sen lectores non podemos existir)  
e tamén pola xornada que compartimos  
no vostro cole, falando deles.

Como vos dixen, a serie de Said  
e Sheila é para mim algo moi espe-  
cial, e paso a dicirvos porque:

- Fixen esta serie (ou máis en  
concreto o seu primeiro libro,  
"Perigo vexetal") para a miña filla  
maior, Uxía; por isto, e por ser o  
meu primeiro libro para nenos,  
gárdolle un carño especial.

- O nome de Said collíng dun  
alumno meu que tina daquela  
(1990-1992). O seu pai era  
palestino, por isto tamén Said e  
Sheila provénen dessa parte do  
mundo.

- O nome de mister Beluz é o non  
dun demo: BELUZ é LUZBEL

ao revés, e por iso e que é tan  
malo ...

- Como dicides ben, estes meus libros  
son de ciencia-ficción (do futuro)  
pero tamén da realidade (de agora)

- Por desgracia, xa temos outra "v  
negra enriba". Como sabedes, estes  
días no Golfo de México vén de  
estourar unha plataforma petrolí-  
fera e esta saíndo petróleo dende  
unha profundidade de 1500 metros  
baixo o nivel do mar...

- Ao que se ve, non había  
ningún plan de emerxencia  
niñ dispositivo de seguridade  
previsto para atallar esta fuga  
que está empocando o océano  
Atlántico. O feito de que non  
nos toque a nós por agora non  
querer dizer que non nos vaia  
afectar, pois como sabedes as  
correntes oceanicas percorren todos  
os mares.